3º.- A empresa adxudicataria comprométese a realizar a subministración por importe de 49.500 euros, aos que haberá que engadir 10.395 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 59.895 euros, con ampliación do prazo de garantía, mantemento e soporte en 36 meses por riba dos dous anos obrigatorios. A execución da subministración deberá realizarse no prazo máximo de catro (4) meses. As prestacións de garantía, mantemento e soporte serán asumidas, sen custe, polo adxudicatario nos termos indicados no apartado V do Cadro Resumen, durante todo o prazo de garantía.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante



(<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE PENSO COMPOSTO PARA A ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24 de agosto de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: V67VSRYD5FLTSOCRUGXAFQWOE⁴

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Director da Granxa Gayoso Castro, con CSV IV67VSR3L4N6VFBYUIPNFYJQ4Y.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV67WSLDPU4PWWV6QEYA73RRDY.

⁴Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV67W3ZJMHZOZHX44DXEJZC6CM.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67WX2CDMBL7RFSALWXEVJD44.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: V67W3Y TZ4UY7OJ3AFEH4FDE4I.

Proposta de Presidencia, con CSV IV67WX25LJZY6XFSVT7SCFJHA4.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 5 de xuño do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67WOBTJPU5JJFM2EUWKNXW6Y.

Publicación, o día 11 de xuño do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 17 de xullo do 2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliábles automaticamente (sobre B), con CSV: IV67622CFTW5JKRLTUFNEX2DCI, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, deuse conta aos membros da mesa de contratación de que no procedemento con número de expediente para adxudicar o contrato de subministración de penso composto para a alimentación do gando vacún da Granxa Gaioso Castro, todos os criterios que figuran no prego e no anuncio de licitación son avaliábles automáticamente mediante fórmulas matemáticas, e de que segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, o único licitador que presenta oferta é Severiano Agrocomercial S.L.U..



Tendo en conta que o único licitador concorrente presenta en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico A, documentación administrativa, resultando que Severiano Agrocomercial S.L.U. presentan a declaración responsable esixida no prego de cláusulas administrativas debidamente cumprimentada e asinada, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a súa proposta ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese á apertura do sobre “B”, presentados pola referida empresa, resultando que:

Para a subministración de penso composto oferta unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas de: 13 %

Para o subministro do penso composto oferta unha porcentaxe de baixada sobre os prazos máximos recollidos no prego de prescricións técnicas de: 60 %

Achega documento no que se especifica a mezcla para concentrado de xuvenzas, vacas en produción e becerros.

Tendo en conta que a única oferta presentada non se atopa incurso en presunción de anormalidade, por non ser esta inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SEVERIANO AGROCOMERCIAL S.L.U	100

Requirir á empresa Severiano Agrocomercial S.L.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á

que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas (...)”

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 14 de agosto do 2020, con CSV IV672LLS3BV2V2JICA5BO32S7Y, na que se recolle o seguinte:

“Deuse conta aos membros da Mesa de contratación que, con data 31 de xullo de 2020 enviouse á empresa Severiano Agrocomercial S.L.U., a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, notificación do Decreto de requirimento de documentación, con prazo de presentación ata o 14 de agosto de 2020. Con data 11 de agosto de 2020 a empresa atendeu o requirimento, remitindo a documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público. Posteriormente, no mesmo día, presentou documentación complementaria a través da sede electrónica.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta CIF da empresa e DNI da representante, administradora única da empresa.

Achega escritura de constitución de sociedade de responsabilidade limitada, na que consta como obxecto a fabricación, comercialización e distribución de todo tipo de pensos, inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña.

Achega recibo do IAE no que consta o epígrafe “piensos”.

Achega Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Axencia Tributaria de data 6-8-2020.

O Servizo de Contratación foi autorizado para solicitar Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Deputación de Lugo, que se xunta ao expediente.



Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 6-8-2020.

Achega declaración responsable de non estar atoparse en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva.

Solvencia económica: Achega certificado seguro RC, con RC profesional por importe superior ao esixido.

Solvencia técnica ou profesional: Achega relación de subministracións de igual ou similar natureza e relación de facturas, mais non acredita a conformidade do destinatario nin aporta declaración de ter recibido a subministración.

Non aporta documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

Tal e como recolle a cláusula 17 do PCAP, se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, como é o caso, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación e as diferentes deficiencias detectadas, acordou, por unanimidade:

Requirir á empresa Severiano Agrocomercial S.L.U. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Acreditación de solvencia técnica ou profesional: Deberá acreditarse, de conformidade co artigo 89 da LCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC, polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio del contrato: 161.812,00€.

Documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.”

Reunida a Mesa o día de hoxe, 24 de agosto de 2020, compróbase que a empresa Severiano Agrocomercial S.L.U. presenta a documentación requirida en tempo o día 19 de agosto de 2020.

A mesa de contratación, vista a documentación e o informe emitido, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Severiano Agrocomercial S.L.U., a contratación da subministración de penso composto para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro, por prazo de un



ano, ata un importe máximo anual de 231.160,00 euros, aos que se engadirán 23.116,00 euros (10%) en concepto de IVE, o que fai un total de 254.276,00 euros.

Aplicarase unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas do 13% e unha porcentaxe de baixada sobre os prazos máximos recollidos no prego de prescricións técnicas de 60%.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Severiano Agrocomercial S.L.U., a contratación da subministración de penso composto para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a realizar a subministración por prazo de un ano, ata un importe máximo anual de 231.160,00 euros, aos que se engadirán 23.116,00 euros (10%) en concepto de IVE, o que fai un total de 254.276,00 euros.

Aplicarase unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos no prego de prescricións técnicas do 13% e unha porcentaxe de baixada sobre os prazos máximos recollidos no prego de prescricións técnicas de 60%.

Tendo en conta a data prevista de inicio da subministración, en setembro de 2020, a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade	Importe con IVE incluído (euros)
2020	84.758,67
2021	169.517,33
Total	254.276

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 a cantidade indicada, na correspondente aplicación.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de un ano, contado dende o día seguinte a subscripción da acta de inicio, prorrogable por outras dúas anualidades, por prazo de un ano cada unha (1+1+1).

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DE PROXECTO DE OBRA.

Proposta de aprobacion, se procede, da modificación do proxecto da obra identificada como: A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“O proxecto da obra de A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350 foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 08 de outubro de 2018, por un importe de 780.000,00€, dos cales 135.371,90€ corresponden ao IVE.

A obra foi adxudicada a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019, no prezo de 593.263,00€, dos cales 102.963,00€ son de IVE, e un prazo de execución de 12 meses.

Con data 06 de marzo de 2019, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

En data 04 de abril de 2019, asínase acta de comprobación de replanteo, na que se indican que se dispón dos terreos necesarios, con excepción dos que nela se sinalan, que deberán completarse a súa dispoñibilidade previamente a súa ocupación.

Por Resolución da Presidencia, de data 17 de febreiro de 2020, aprobouse unha ampliación do prazo de execución da identificada obra, ata o 04 de outubro de 2020.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 24/07/2020 aprobouse autorización para redacción do proxecto modificado da obra indicada, que supón un aumento do 33,09% respecto do prezo primitivo do contrato.

Na 20/08/2020, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento expediente telemático, de proposta de modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira, así como informe do Director Técnico e informe favorable de supervisión, incorporados ao expediente.

Consideracións xurídicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.



O artigo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”

Neste caso, dita autorización foi aprobada pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 24/07/2020.

Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten

desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido. (...)”.

No proxecto modificado, e informe da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado a) do artigo 205.2, no sentido da imposibilidade de cambio de contratista e que o importe máximo previsto do modificado ascende ao 33,09%, inferior polo tanto ao 50%, requisitos establecidos no artigo 205.2.a.2 da LCSP

No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación, así como o proxecto modificado, aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluído.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Non obstante, segundo o informe da Dirección Técnica, nesta caso supera o 20%, xa que indica que supón o 33,09%, o que supón 196.310,73€.



Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”. Este trámite coñécese como acta de prezos contraditorios.

Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o informe técnico, o importe máximo previsto ascende ao 33,09 por cento do prezo primitivo do contrato, esixindo, polo tanto, a suspensión das obras.

Consta informe supervisión favorable, do proxecto modificado, de data 13/08/2020, incorporado ao expediente.

Consta informe da intervención de 25/03/2020, de que existe crédito adecuado e suficiente para a súa financiación, na aplicación 4530.619, RC-2020/5506, para o importe de 196.310,73 euros.

A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP). No proxecto indícase que se mantén o prazo de execución, sendo a data de finalización o 04/10/2020.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é o que figura no apartado B do cadro resumo (Xunta de Goberno).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos e poñen fin a vía administrativa, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación en vía administrativa e/ou xurisdiccional, nos termos que se indican. O órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018).

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación para a modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación do proxecto da obra A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350 entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido:

Aprobar o proxecto modificado da obra A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350 redactado polo



Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 1.038.101,99€ dos que 180.166,46€ son de IVE.

Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Ovisa Pavimentos y obras SLU con, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adxudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adxudicación de 789.573,73 € (IVE incluído) supoñendo un aumento respecto do primitivo de 196.310,73€ IVE incluído, (33,09%).

Aprobación do gasto por importe de 196.310,73€.

Requirir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 8.112,01 €, no prazo de dez días dende a notificación do presente.

Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

Sometelo a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

Á vista do anterior, e incorporado ao expediente informe de Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra A FONSAGRADA.- Acondicionamento LU-P-1901 “Fonsagrada (LU-530)- Navia de Suarna (LU-722)”, P.K. 0+000 – 4+350 redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 1.038.101,99€ dos que 180.166,46€ son de IVE.

2º.- Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

3º.- Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adxudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adxudicación de 789.573,73 € (IVE incluído) supoñendo un aumento respecto do primitivo de 196.310,73€ IVE incluído, (33,09%).

4º.- Aprobación do gasto por importe de 196.310,73€.

5º.- Requirir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 8.112,01 €, no prazo de dez días dende a notificación do presente.

6º.-Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo, unha vez reaxustada a fianza definitiva.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA AUTORIZAR REDACCIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “BECERREÁ.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL EN BECERREÁ”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV67E7AK3U6IT5J4XRNA6YPFHY no que sinala:

“Informe do servizo de contratación e fomento

Asunto.- Autorización para redacción da modificación do proxecto da obra, “BECERREÁ.- Construcción Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá”.

Antecedentes

O proxecto da obra de “BECERREÁ.- Construcción Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá”, foi licitado conforme o TRLCSP, Corpo legal que fixa o réxime xurídico na tramitación da presente incidencia contractual de conformidade co dereito transitorio.



Resultan antecedentes da presente os seguintes:

Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 4 de agosto de 2017 aprobouse o proxecto, expediente de contratación, procedemento, prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto correspondente a obra de BECERREÁ.- Construción centro de día e residencial comarcal en Becerreá.

Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2017 acordouse adxudicar a obra a Mercantil Copcisa SA, na cantidade de 3.126.848,17 € e 312.684,82 € de IVE, un aumento do prazo de garantía contractual de 24 meses por encima dos 12 obrigatorios; unha redución do prazo de execución de 10 semanas e un plan de comunicación por importe de 78.000,00 € e 16.380,00 € de IVE.

Con data 10 de xaneiro de 2018 formalizouse o contrato en documento administrativo.

Con data 7 de novembro de 2018 asinouse acta de comprobación de reformulo.

Por D. José Vicente Picos García, en representación da mercantil Copcisa SA, presentouse escrito con RXE de 10 de xaneiro de 2020, que foi trasladado a dirección técnica das obras, no que solicita unha ampliación do prazo de execución da obra ata o 21/11/2020 debido entre outras causas á:

“ ... condiciones climatológicas adversas que han generado un retraso muy importante en la fase de movimiento de tierras y cimentaciones, llegando en ocasiones a impedir la ejecución en determinados periodos debido a lo arcilloso del terreno, que en combinación con agua lo volvía absolutamente impracticable, incluso para camiones de doble tracción y máquinas utilizadas normalmente en estas tareas. Esta adversa meteorología con importantes periodos lluviosos, temporales, borrascas profundas y vientos racheados han provocado también un menor rendimiento y ralentización de todos estos trabajos que precisan del funcionamiento de la grúa- torre instalada, que tuvo que dejar de operar en bastantes ocasiones por esta mala climatología .” VI).-Pola dirección das obras, emítase informe de data 10/01/2020 e CSV IV6RELTSHRFILHNOBRXTO4AS6Q no que conclúe: “informamos favorablemente dita

solicitud suficientemente xustificada nas razóns que expoñen e quedan reñitidas nas actas redactadas por nos ó longo do período de obras transcorrido ate este momento.”

O escrito do adxudicatario, acompañado do informe da dirección técnica, trasladouse ao servizo de arquitectura que emitiu informe con CSV IV6RGGAZFT4L56H4SR4H57QD6I que conclúe que se teñen producido todas las circunstancias que o adxudicatario sinala, entendendo que procede ampliar o prazo de execución ate o 21 de novembro de 2020 segundo a súa solicitude e o informado pola dirección facultativa.

Con data de 4 de marzo de 2020 o contratista solicitou iniciar os tramites para a modificación do contrato, e a suspensión do contrato pola necesidade de modificar o proxecto “ e quedar afectadas tódalas obras pola modificación”.

Con data de 5 de marzo o contratista formulou alegacións á ampliación de prazo acordada ate o 21 de novembro, indicando que a solicitou por mais causas, e que a solicitude de prórroga non supón a renuncia a unha posible reclamación por danos e prexuízos ó contratista como consecuencia da prórroga.

Visto o anterior o servizo de arquitectura ten informado ditas solicitudes con data 26 de marzo , no mesmo informe con CSV IV6662T3LP46LDXLWX5R6JP6N4 (susceptible de consulta integra polo contratista na sede electrónica) conclúe, que o proxecto se debe de executar seguindo o proxecto do que Copcisa resultou adxudicatario, polo que non procede a suspensión por esta causa, e que asimesmo a adxudicatario debe executar a obra dentro do prazo ampliado sen prexuízo de rematala antes se resulta mais favorable ós seus intereses.

Consta así mesmo informado o abandono da obra, informada polo servizo de arquitectura ratificando dita incidencia o seu informe con data de 28 de maio de 2020.

Ditouse resolución con data 26 de marzo na que se desestima a solicitude de tramitación do modificado, e a correspondente solicitude de suspensión, requirindo a Copcisa por mor do abandono das obras, a mesma foi notificada a Copcisa con data 27 de marzo, fronte a mesma foi interposto recurso de reposición con data 11/05/2020.



Dito recurso foi desestimado por resolución da presidencia de data 10 de xuño de 2020 con csv IV67XSL5FMF27TXJ3UWGD43HL4.

De xeito posterior o 21 de agosto de 2020 tivo entrada solicitude de redación de proxecto modificado , formulada pola dirección facultativa con rexistro, a solictude razoa os motivos da modificación, as solucións propostas e o seu encaixe na normativa. Dita modificación non ten impacto orzamentario.

A solicitude foi informada pola Xefa de servizo de arquitectura con data 24 de agosto de 2020 en informe con CSV: V67E3R2F5V55GMICZAW572UPY, no que conclúe:

“Por todo lo expuesto, se concluye que se considera oportuna la redacción del proyecto que se propone que no implica ninguna variación económica sobre el precio de adjudicación”.

Consideracións xurídicas

Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “ Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

Propuesta de la Administración o petición del contratista.

Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.

Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.

Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

O artigo 234.3 do TRLCSP indica, en relación coa modificación dos proxectos “... 3. Cuando el Director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente, que se sustanciará con carácter de urgencia con las siguientes actuaciones:

Redacción de la modificación del proyecto y aprobación técnica de la misma.

Audiencia del contratista y del redactor del proyecto, por plazo mínimo de tres días.

Aprobación del expediente por el órgano de contratación, así como de los gastos complementarios precisos.

Deste xeito quedan delimitados os fitos procedimentais atopándonos ante o primeiro de eles, esto é, recabar a autorización do órgano de contratación, informando de xeito expreso a dirección facultativa, que non resulta precisa a suspensión das obras.

No informe da Dirección técnica, indicase a motivación para a modificación, así como a xustificación inicial relativa aos requisitos recollidos nos apartados correspondentes do art. 107 do TRLCSP, e finalmente a dimensión porcentual da modificación sen prexuízo de que non represente impacto orzamentario.

No que atinxe a audiencia ó contratista a proposta de modificación recolle actas de prezos contraditorios que se entende que serán sometidos á conformidade do mesmo nas fases sucesivas de aprobación do modificado.



En todo caso e consonte ao establecido no artigo 234, con independencia da súa obrigatoriedade da modificación, o trámite de audiencia se configura de xeito preceptivo sen prexuízo da posibilidade de contratación separada nos termos recollidos no dito texto legal.

Non se solicitou existencia de crédito ó carecer a incidencia de impacto orzamentario , igualmente non resultará necesario o recálculo da garantía.

No caso de que o órgano de contratación autorice a redacción do modificado, deberán de cumprimentarse o resto de tramites previstos na normativa.

O documento técnico modificado será sometido igualmente a, supervisión e informe técnico , conterá mención no seu caso sobre o reaxuste do prazo de execución a xustificación dos novos prezos e de cumprimento da normativa urbanística ou no seu caso de mantemento das condicións, do replanteo e das urbanísticas consideradas para a aprobación do proxecto.

O órgano de contratación e por tanto o competente para autorizar a redacción é a Xunta de Goberno, atendendo ao establecido no artigo 59.12 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para a redacción da modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, nos termos do presente, infórmase favorablemente autorizar a redacción da modificación do proxecto da obra, “BECERREÁ.- Construcción Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá” . Instada pola Dirección facultativa con data de 24 de agosto de 2020.

Á vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar autorización para redacción da modificación do proxecto da redacción da modificación do proxecto da obra, “BECERREÁ.- Construción Centro de Día e Residencial Comarcal en Becerreá”. Sen impacto orzamentario e sen que resulte precisa a suspensión das obras.

2º.- Notificar ó contratista e a dirección de obras o presente acordo.

3º.- Dar traslado o servizo de Arquitectura, os efectos do trámite de audiencia ó contratista, impulso do expediente, e que se completen os tramites relativos a aprobación do modificado contidos no corpo do presente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ACTUACIÓN POR EMERXENCIA DA OBRA DE CHANTADA.- RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE SOSTEMENTO DA LU-P-1804 NO P.K. 6+000.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 27/08/2020, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“O día 13 de agosto aconteceu o colapso dun tramo do muro que sostén a estrada provincial LU-P-1804, denominada “Touza (LU-P-1801)-Belesar-Ponte de San Fiz (LU-617)”, no entorno do seu P.K. 6+000, no termo municipal de Chantada. Como consecuencia directa de dito fallo estrutural, desapareceu parte da calzada e o recheo sobre o que se asenta o resto da calzada quedou exposto á acción erosiva da auga que discorre polo cauce do río Miño, o que compromete

gravemente a estabilidade da parte da calzada que aínda se conserva e incluso dos tramos adxacentes do muro.

Á vista da situación descrita e polo manifesto risco que supón para os usuarios da vía, procedeuse, o mesmo día, ao peche total da estrada neste tramo, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos.

Nas seguintes fotografías, pode apreciarse a situación na que quedaron o muro e a estrada no tramo afectado:



Para restituir a circulación en condicións de seguridade e para evitar o colapso dos tramos adxacentes do muro, faise preciso acometer con carácter inmediato as actuacións precisas para reconstruír o tramo de muro afectado.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, propónse tramitar o expediente de contratación por emerxencia segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), executando as obras coa colaboración dun empresario particular –de conformidade co artigo 30.1 da LCSP- xa que a Deputación de Lugo non conta cos medios materiais nin persoais necesarios. O artigo 30.4 da LCSP dispón que nestes supostos, a selección do empresario colaborador non estará suxeita ao establecido no artigo 131 do devandito texto legal, non contemplándose na LCSP ningún procedemento de selección. A falta dunha regulación para a selección do empresario colaborador

nos supostos de emerxencia e, en base ao establecido no artigo 120 da LCSP onde se dispón que o órgano de contratación poderá contratar libremente o obxecto do contrato sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na propia lei, proponse encomendar a realización dos traballos ao vixente contratista adxudicatario da conservación da rede viaria provincial na zona, Fevisa Vías y Obras S.L., xa que se considera que esa mercantil dispón de medios nas proximidades para acometer as obras de maneira inmediata.

O artigo 176 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante, RGLCAP) establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, entre outras, poderán realizarse conforme ás seguintes modalidades:

Mediante o sistema de custo e costas.

Contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Aos efectos de control e seguimento dos traballos executados considérase máis adecuada para a Deputación de Lugo, a segunda das modalidades, polo que se propón a súa adopción. En caso de adoptarse esta modalidade e, con suxeición ao establecido nos apartados primeiro e cuarto do artigo 178 do RGLCAP (a natureza das obras non permite a fixación previa dun prezo certo xa que dependerá da profundidade á que aparezca terreo competente para cimentar), estímase o orzamento que figura como anexo 1 a este informe. Ademais, acompáñase un segundo anexo no que se detallan as condicións ás que deberá suxeitarse a execución das obras. En todo caso, unha vez terminadas as obras, deberá redactarse a documentación técnica descritiva (art. 174 do RGLCAP) que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RGLCAP e, en base ao cal, liquidaranse as obras mediante relación valorada (art. 179 do RGLCAP)”.

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:



O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Cuando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)”

El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente.”

Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, o que conlevou o “peche total da estrada neste tramo, balizándose e sinalizándose desvíos alternativos”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 138.932,68 euros, dos cales 24.112,28€ correspondería ao IVE. O orzamento leva incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando

coa empresa colaboradora a execución de unidades completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 2 denominado condicións particulares, baixo as que se deberá executar a obra.

Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.

O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011; aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018.

Conclusión

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, procedería que polo Órgano de Contratación, se adoptasen os seguintes acordos:

Declarar de emerxencia a execución da obra de CHANTADA.- Reconstrución de muro de sostemento da LU-P-1804 “Touza (LU-P-1801) – Belesar – Ponte de San Fiz (LU-617), P.K. 6+000, como consecuencia do colapso dun tramo do muro que sostén a estrada provincial LU-P-1804, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 138.932,68€ euros, IVE incluído.



De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Fevisa Vías y Obras SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 138.932,68€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de CHANTADA.- Reconstrución de muro de sostemento da LU-P-1804 “Touza (LU-P-1801) – Belesar – Ponte de San Fiz (LU-617), P.K. 6+000, como consecuencia do colapso dun tramo do muro que sostén a estrada provincial LU-P-1804, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 138.932,68€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras, ordenar a empresa Fevisa Vías y Obras SL, por ser a empresa encargada da conservación da RVP da zona na que se atopa esta estrada, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 138.932,68€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos

prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente restituír a circulación e garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE SELECCIÓN, SE PROCEDE, DUNHA ENTIDADE DE CUSTODIA DO TERRITORIO, NAS FINCAS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, SITUADAS NAS INSUAS DO MIÑO E OLLOS DE BEGONTE.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 6 de agosto de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Acta da comisión técnica de valoración do día 6 de agosto de 2020 para o establecemento en concorrencia competitiva dun acordo de custodia do territorio, nas fincas propiedade da Excm. Deputación Provincial de Lugo, situadas nas insuas do Miño e Ollos de Begonte.

Presidente: D. Pablo Seoane Cancelo , Xefe do Servizo de Contratación e Fomento en substitución de José Domingo Rodríguez Ferreira.

Secretaria do Órgano de valoración : Dna. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa de Sección de Contratación do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:



Dña. María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

D. Manuel Roel-hernández Serrano , interventor adxunto, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo .

D. Luis Fernández Reiña, Xefe do Servizo de Medio Ambiente.

Con data de 17 de xullo de 2020 celebrouse a primeira sesión da comisión técnica de valoración referida ó procedemento, concorrendo un único licitador Asociación Galega de Custodia do Territorio.

Analizouse como cuestión previa a admisibilidade da oferta , procedéndose á apertura do sobre A que contén a declaración responsable e a documentación que o prego esixe e que se relacionan na dita declaración responsable.

Así mesmo, procedeuse á apertura do sobre B referido á memoria técnica. Visto o seu contido remitiuse D. Luis Fernández Reiña, Xefe do Servizo de Medio Ambiente. Para emisión do informe técnico de avaliación .

Sendo as 11:05 horas do día 6 de agosto do 2020, reunida o órgano de valoración por medios telemáticos, baixo a Presidencia de D. Pablo Seoane Cancelo, constitúese a Mesa de Contratación, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa.

Polo Presidente da procedese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Otros. Estudio do informe técnico, apertura dos informes que procedan.

Dáse conta do informe emitido por D. Luis Fernández Reiña, Xefe do Servizo de Medio Ambiente. Con CSV IV677XRTD54YQSZNCINGP4RUI , que conclúe :

- CADRO RESUMO VALORACIÓNS.

Licitadora	Apartado 7.2. a	Apartado 7.2. b	Puntuación total
ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO	20,00	14,00	20,00 + 14,00 = 34,00 ptos.

O resultado final da valoración, polo tanto, como se reflicte na anterior táboa, a oferta de Asociación Galega de Custodia do Territorio, acada **34,00 puntos**.

A mesa de contratación toma razón do mesmo e faino seu .

Otros. Apertura e valoración de criterios evaluables automáticamente.

Considerando os antecedentes da mesa de contratación, dáse conta de que a oferta que realizou a Entidade Asociación Galega de Custodia do Territorio nos seguintes termos:

Que realiza a seguinte oferta para a execución das tarefas incluídas no acordo de custodia:

A cantidade de 20,000.00 euros, aos que haberá que engadir 4,200.00 euros en concepto de I.V.E. (21 %) (agás exención do I.V.E.), o que ascende a un total de 24,200.00 euros.

Que dita cantidade global se descompón segundo os seguintes prezos coherentes coa proposta técnica presentada e cronograma para a súa realización, que serán obxecto de facturación por cada actuación efectivamente executada.

25 € / hora tarefas de conservación.

20 € / hora actividades formativas.

20 € / hora actividades de investigación.

O prezo hora incluírá calquera custo de medios humanos, materiais, maquinaria, material educativo, material informativo, permisos, autorizacións e impostos que resultasen precisos.

Que non conta con traballadores con discapacidade, superior ao 2% do seu cadro de persoal.

En Lugo, a 6 de xullo do 2020





Considerando que se trata do único licitador a suma das puntuacións implica que a entidade Asociación Galega de Custodia do Territorio, lle corresponden 50 puntos no apartado da oferta económica, polo que a puntuación total considerando os 34 puntos da oferta técnica e de 84 puntos.

Polo presidente da mesa dáse conta de que pola Entidade Asociación Galega de Custodia Do Territorio se tiñan presentado xunto coa declaración responsable tódolos documentos que esixía o prego, polo que na continuación do procedemento, corresponde facer a seguinte proposta á Xunta de Goberno :

Seleccionar á Asociación Galega de Custodia do Territorio para a sinatura dun acordo de custodia do territorio, nas fincas propiedade da Excma. Deputación Provincial de Lugo, situadas nas insuas do Miño e Ollos de Begonte. Por importe de 24200 € anuais (20.000 en concepto de base e 4200 como IVE), durante o prazo de 4 anos, comprometéndose a Deputación á inclusión das cantidades precisas para responder dos compromisos do acordo nas vindeiras anualidades.

Instar á Asociación Galega de Custodia do Territorio, de conformidade co establecido nos pregos para , á formalización do acordo de custodia na data que a Administración contratante sinale.

Publicar no perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/>) a selección da entidade de Custodia.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 11:25 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

O Presidente.- D. Pablo Seoane Cancelo

A Secretaria.- Margarita Tarrío Álvarez.

Vogais.- María Esther Álvarez Martínez.

Manuel Roel-Hernández Serrano.

Luís Fernández Reija.

Vista a fiscalización favorable da proposta da mesa .

Propoño a Xunta de Goberno:

1º.- Seleccionar á Asociación Galega de Custodia do Territorio para a sinatura dun acordo de custodia do territorio, nas fincas propiedade da Excma. Deputación Provincial de Lugo, situadas nas insuas do Miño e Ollos de Begonte. Por importe de 24200 € anuais (20.000 en concepto de base e 4200 como IVE), durante o prazo de 4 anos, comprometéndose a Deputación á inclusión das cantidades precisas para responder dos compromisos do acordo nas vindeiras anualidades.

2º.- Instar á Asociación Galega de Custodia do Territorio, de conformidade co establecido nos pregos para á formalización do acordo de custodia na data que a Administración contratante sinale.

3º.- Publicar no perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> a selección da entidade de Custodia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Modificación segunda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de



Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra, que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 19/11/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra.

En data 03/12/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ao obxecto:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACONDICIONAMENTO DO PARQUE DE COBAS EN MONFORTE, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS DE DIRECCIÓN DE OBRA	229.782,61€	4.840,00€
TOTAL	234.622,61€	

Así mesmo, entre outros, se recolle na cláusula terceira, relativa as obrigas e compromisos das partes, no relativo á Deputación:

“autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas, ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación Provincial”.

En data 12/06/2020 a Xunta de Goberno aprobou modificación do devandito convenio, sendo asinada addenda de modificación o 26/06/2020, polo que se autorizaba a aplicar os remanentes producidos na obra incluída inicialmente a financiar a execución doutro investimento.

Don José Tomé Roca, Alcalde do Concello de Monforte de Lemos achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 26/08/2020, a través do que manifesta “... dado que a obra a executar é imposible que estea rematada antes do 30 de outubro, faise necesario solicitar de novo autorización de aplicación dos remanentes a outros investimentos solicitar substituír a aplicación de remanentes por outros: Renovación de pavimentos e sinalización, mellora seguridade vial e accesibilidade; actuación puntual da rede de augas pluviais na rúa da Costa da Pena (acceso ó Parque dos Loureiros), cun orzamento de 48.361,33€ dos que 42.075,00€ son de achega da Deputación e o resto aportación municipal e renovación de instalacións de alumado exterior en senda peonil “Paseo dos Loureiros” (Parque dos Loureiros), cun orzamento de 23.595,00€ dos que achega a Deputación 20.466,40 € e o resto con aportación municipal.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”



(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios

xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións poidan recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co art. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mellorar o parque de Cobas.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”.



A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Monforte de Lemos, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, e na actualidade, asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de Réxime Local.

O concello de Monforte de Lemos será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.



Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

E dado que na data actual está pendente o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, e non existe vontade das partes en declarar a súa extinción, faise necesario a súa modificación. O convenio non esta en ningunha das situacións de extinción do mesmo, de acordo co clausulado do mesmo, non se afecta a dereitos de terceiros e a súa modificación redunda no interese xeral buscado polas partes con este convenio.

Ademais, o concello dentro do prazo de vixencia solicitou a modificar a aplicación de remanentes, por importe de 62.541,40€, para a execución de Renovación de pavimentos e sinalización, mellora seguridade vial e accesibilidade; actuación puntual da rede de augas pluviais na rúa da Costa da Pena (acceso ó Parque dos Loureiros), cun orzamento de 48.361,33€ dos que 42.075,00€ son de achega da Deputación e o resto aportación municipal e renovación de instalacións de alumeadado exterior en senda peonil “Paseo dos Loureiros” (Parque dos Loureiros), cun orzamento de 23.595,00 € dos que achega a Deputación 20.466,40 € e o resto con aportación municipal.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de segunda modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente, adxuntándose documento de borrador de addenda de modificación.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación da modificación segunda, autorizando a aplicación dos remanentes producidos na licitación do investimento Acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra, que ascenden a 62.541,40 €, segundo indica o Concello, incluído no convenio interadministrativo asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos en data 03/12/2019, de xeito que quede incluído en dito convenio os investimentos renovación de pavimentos e sinalización, mellora seguridade vial e accesibilidade; actuación puntual da rede de augas pluviais na rúa da Costa da Pena (acceso ó Parque dos Loureiros), cun orzamento de 48.361,33€ dos que 42.075,00€ son de achega da Deputación e o resto aportación municipal e renovación de instalacións de alumeado exterior en senda peonil “Paseo dos Loureiros” (Parque dos Loureiros), cun orzamento de 23.595,00€ dos que achega a Deputación 20.466,40€ e o resto con aportación municipal, en substitución do incluído por acordo da XG de data 12/06/2020.

2º.- Dar traslado ao Concello de Monforte para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente ó servizo de mantemento das portas automáticas instaladas no Pazo de San Marcos.*



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 08/07/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládóronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Ben Ferreiro S.L.U	P/41	07/02/2019	07/02/2019	2019/587	477,95 €	Reparación puerta-cancela garaje de funcionarios en el Pazo de San Marcos. 2020/FAC_01/001357
Ben Ferreiro S.L.U	P/42	07/02/2019	07/02/2019	2019/589	399,30 €	Reparación puerta cancela del garaje de funcionarios en el Pazo de San Marcos. 2020/FAC_01/001358
Ben Ferreiro S.L.U	P/43	07/02/2019	07/02/2019	2019/588	114,95 €	Reparación puerta cancela entrada principal de vehículos en el Pazo de San Marcos. Reparación puerta corredera salida rúa do teatro Pazo de San Marcos. 2020/FAC_01/001359
Ben Ferreiro S.L.U	P/86	29/04/2019	30/04/2019	2019/1469	54,45 €	Reparación puerta cancela garaje coches oficiales de San Marcos. 2020/FAC_01/001360
TOTAL					1.046,65 €	

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia do servizo de Arquitectura (de data 07/02/2019 no caso das facturas P/41, P/42 e P/43, e de data 30/04/2019 no caso da factura P/86) de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 22/02/2020, polo representante de Ben Ferreiro S.L.U, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na

prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa conxunta para as facturas anteriormente relacionadas de data 27/06/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Servizo de Arquitectura e Presidencia.

Os seguintes informes do Servizo de Arquitectura:

De data 24/01/2020, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha á aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

De data 27/01/2020, no que se dí:

“(…).

Na seguinte tabla indícanse aas datas de realización dos traballos facturados pola empresa Ben Ferreiro S.L.U.:

N.º DE FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE	DATA REALIZACIÓN DOS TRABALLOS
P/41	07/02/2019	477,95	8 e 21 de xaneiro de 2019
P/42	07/02/2019	399,30	18 de xaneiro de 2019
P/43	07/02/2019	114,95	4 de febreiro de 2019
P/86	29/04/2019	54,45	26 de abril de 2019

Informes deste Servizo, de data 24/02/2019, no que reconece a obriga das mencionadas facturas por un importe de 1.046,65 €.



Informes do Servizo de Contabilidade e Contas de data 11/03/2019, en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

Resolución da Presidencia, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos de data 10/07/2020, en relación coas facturas relacionadas con anterioridade.

Nas propostas de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 08/07/2020, reflíctese os seguintes antecedentes:

No punto primeiro: “(...)

“Informe de intervención

“Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
Ben Ferreiro S.L.U.	P/41	07/02/19	477,95	9200.212	92020/1938
Ben Ferreiro S.L.U.	P/42	07/02/19	399,30	9200.212	92020/1940
Ben Ferreiro S.L.U.	P/43	07/02/19	114,95	9200.212	92020/1941
Ben Ferreiro S.L.U.	P/86	29/04/19	54,45	9200.212	92020/1943
	SUMA		1046,65		

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe da Xefa de Servizo de Arquitectura, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2019 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 1046,65 €, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1046,65 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo os artigos 23 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, sendo de aplicación por ser a factura anterior ó 9 de marzo de 2018, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa



orxamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

“2.- Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 11 de marzo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
Ben Ferreiro S.L.U.	P/41	07/02/19	477,95	9200.212	92020/1938
Ben Ferreiro S.L.U.	P/42	07/02/19	399,30	9200.212	92020/1940
Ben Ferreiro S.L.U.	P/43	07/02/19	114,95	9200.212	92020/1941
Ben Ferreiro S.L.U.	P/86	29/04/19	54,45	9200.212	92020/1943
SUMA			1046,65		

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 24 de Marzo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Durante as datas reflectidas nas facturas, tendo en conta o remate do contrato existente, e estar en trámite non servizo de contratación desta Deputación o novo contrato de prestación do servizo de: Mantemento, conservación, control de funcionamento e reparación das portas industriais, comerciais e de garaxe e das portas peatonáis automáticas instaladas nos edificios dependentes de esta Administración, foi necesario que, por parte da empresa, realizara a prestación do servizo.

O período de realización das prestacións é o contido en cada unha das facturas.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1046,65 euros (IVE incluído).

Garantías: Por ser o servizo necesario para o correcto funcionamento das portas automáticas instaladas no Pazo de San Marcos, e existir a conformidade do responsable da execución do mesmo, non procede a exixencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

(...).”

Consideracións



O artigo 215 “Reparos” do TRLFL, aprobado polo Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais sinala:

“Se no exercicio da función interventora o órgano interventor se manifestara en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución”.

O artigo 217 “Discrepancias” do TRLFL, en canto á resolución de discrepancias, precisa:

“1. Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ó presidente da entidade local, resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, corresponderá ó Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se basen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

A nota de reparo de Intervención cínquese ao suposto do art. 216.2c do TRLFL, isto é, “nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais”.

En calquera caso, ao existir crédito para afrontar o gasto, a competencia para dirimir a discrepancia, como se sinala no informe de Intervención, é da Presidencia e ademais como facultade indelegable.

Xa que existe unha prestación que resulta necesaria, debe existir unha correlativa compensación da administración que a recibe.

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigacións a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entres os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos non perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou manténdose a prestación por necesidades contrastadas (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, subliñamos que consta a prestación recibida polo ente provincial, e os motivos polos que se sostivo a dita prestación do servizo en informe de 27 de xuño de 2019.

No informe da intervención, conséntase a existencia de consignación orzamentaria no Orzamento Xeral do ano 2019 polo importe total da factura emitida por Ben Ferreiro S.L.U, ascendendo a 1046,65 €.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

O Servizo de Contratación e Fomento é alleo á xestión das prestacións realizadas, sen cobertura contractual e formula as consideracións precedentes explicativas a fin de que a Presidencia poda decidir sobre a nota de reparo e, no seu caso, continuar coa tramitación do expediente.



A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno , Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019 nas facturas anteriormente relacionadas, e xustificadas por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o

recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Ben Ferreiro S.L.U	P/41	07/02/2019	477,95 €	Reparación da porta automática do garaxe de funcionarios do Pazo de San Marcos (desmontar motor, envialo a reparar e instalalo de novo)
Ben Ferreiro S.L.U	P/42	07/02/2019	399,30 €	Reparación da porta automática do garaxe de funcionarios do Pazo de San Marcos (substitución de dúas bandas de seguridade)
Ben Ferreiro S.L.U	P/43	07/02/2019	114,95 €	Reparación da porta automática da entrada principal de vehículos do Pazo de san marcos (encher o moter de aceite e axuste e posta a punto) e reparación da porta automática de sída á Rúa do Teatro (cambiar os pulsadores de apertura e peche)
Ben Ferreiro S.L.U	P/86	29/04/2019	54,45 €	Reparación da porta automática de entrada ó garaxe de coches oficiais do Pazo de San Marcos (reparar cerradura hidráulica)
TOTAL			1046,65 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Ben Ferreiro S.L.U., por un importe total de 1046,65 €:

Nº P/41 de data 07/02/2019, correspondente a reparación da porta automática do garaxe de funcionarios do Pazo de San Marcos (desmontar motor, envialo a reparar e instalalo de novo), o 8 e 21 de xaneiro de 2019, dun importe total de 477,95 €.



Nº P/42 de data 07/02/2019, correspondente a reparación da porta automática do garaxe de funcionarios do Pazo de San Marcos (substitución de dúas bandas de seguridade), en data 18 de xaneiro de 2019 dun importe total de 399,30 €.

Nº P/43 de data 07/02/2019, correspondente a reparación da porta automática da entrada principal de vehículos do Pazo de San Marcos (encher o motor de aceite e axuste e posta a punto) e reparación da porta automática de saída á Rúa do Teatro (cambiar os pulsadores de apertura e peche), en data 04 de febreiro de 2019 dun importe total de 114,95 €.

Nº P/86 de data 29/04/2019, correspondente a reparación da porta automática de entrada ó garaxe de coches oficiais do Pazo de San Marcos (reparar cerradura hidráulica), en data 26 de abril de 2019 dun importe total de 54,45 €.

2º.-Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente ó servizo de mantemento do salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 31/10/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010054	10/06/2019	13/06/2019	2019/4352	95,69 €	Mantemento salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo 1º trimestre 2019 2020/FAC_01/001355
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010239	21/11/2019	21/11/2019	2019/2107	95,69 €	Mantemento salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo 2º trimestre 2019 2020/FAC_01/001356
TOTAL					191,38 €	

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia do Servizo de Arquitectura (de data 13/06/2019 no caso da factura Nº 2180010054 e de data 21/11/2019 no caso da factura Nº 2180010239) de que os servizos están realizados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformadas as facturas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 19/11/2019, polo representante de Thyssenkrupp elevadores S.L.U, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias xustificativas para cada unha das facturas relacionadas (de data 21/06/2019 no caso da factura Nº 2180010054, e de data 28/11/2019 no caso da factura Nº 2180010239), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, emitidas polo Xefe do Servizo de Arquitectura.

Informes deste Servizo, de data 03/02/2019, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Diversos informes do Servizo de Arquitectura, aclarando os servizos prestados.



Informes do Servizo de Contabilidade e Contas (de data 14/02/2020 no caso da factura N° 2180010054, e de data 17/02/2020 no caso da factura N° 2180010239), en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

As seguintes resolucións da Presidencia, levantando os reparos de Intervención e os seus efectos suspensivos:

Resolución de data 10/07/2020, en relación coas facturas anteriormente mencionadas.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 07/07/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“(…)

“Informe de intervención

“Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010054	10/06/19	95,69 €	3241.212
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010239	21/11/19	95,69 €	3241.212
SUMA	191,38 €			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe da Xefa de Servizo de Arquitectura, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como

efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Trátase de gastos realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, e existe consignación orzamentaria no actual orzamento do 2019 na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores polo importe total de 191,38 €, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 191,38 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos



procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

“2.- Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 11 de marzo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010054	10/06/19	95,69 €	3241.212	92020/1883
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010239	21/11/19	95,69 €	3241.212	92020/1884
SUMA	191,38 €				

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 11 de Marzo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

As facturas corresponden o mantemento do salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo no período do segundo trimestre do ano 2019. A agora extinta Fundación TIC era o órgano xestor do contrato de mantemento do citado salvaescaleiras, tendo este una vixencia ata o 31 de decembro de 2018, sendo o adxudicatario a empresa Thyssenkrupp elevadores S.L.U.

A fundación Tic notifica a súa disolución con data de 31 de decembro de 2018 a empresa Thyssenkrupp elevadores S.L.U comunicándolle tamén a súa consideración de que a partir do 1 de xaneiro de 2019, será a Deputación Provincial de Lugo a que asuma de forma directa os gastos de mantemento do salvaescaleiras, polo que a empresa entende que, dada a obrigatorioidade de contar cun contrato de mantemento, debe de continuar coa realización das tarefas de mantemento facturadas.



Máis concretamente o titular da instalación deberá contar co contrato de mantemento cunha empresa autorizada que cumpra cos requisitos do apartado 6 do R.D 88/2013 polo que se aproba a “Nova Instrución técnica complementaria (ITC) AEM 1 “ascensores” del reglamento de aparatos de elevación técnica de elevación e manutención, aprobado polo R.D. 2291/1985. Todo cumprindo os prazos e seguindo os requisitos establecidos polo artigo 5 da citada normativa.

O servizo de Arquitectura confeccionou unha proposta de adxudicación do contrato de mantemento dos aparatos elevadores instalados en distintos inmobles dependentes desta Deputación, adxudicándose a empresa Thyssenkrupp elevadores S.L.U, formalizando a firma o pasado 27 de decembro de 2018. Dito contrato non contemplaba o mantemento dos salvaescaleiras do edificio Santo Anxo, por non estar finalizado o contrato firmado pola extinta Fundación Tic no momento no que se redacta o Prego de Prescricións Técnicas que rexirá a adxudicación do contrato. O 31 de maio de 2019, este servizo de Contratación recibiu unha proposta do servizo de Arquitectura unha proposta de modificación don contrato de mantemento dos aparatos elevadores, para incluír a plataforma instalada no edificio Santo Anxo, sito na rúa Frei Plácido Rei Lemos, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2019.

O servizo de mantemento realizado pola empresa Thyssenkrupp elevadores S.L.U, durante o segundo trimestre do ano 2019, pódese considerar un feito puntual, xa que, como se expón nos apartados anteriores, dado que ningún aparato elevador en funcionamento pode facelo sen ter subscrito un contrato de mantemento con empresa autorizada, unha vez se aprobe polo órgano competente a adxudicación da ampliación do contrato subscrito coa empresa Thyssenkrupp elevadores S.L.U, todos os aparatos elevadores instalados nos centros dependentes desta Deputación estarán agrupados nun único contrato.

O período de realización das prestacións é o contido en cada unha das facturas.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 191,38 euros (IVE incluído).

Garantías: Por ser o servizo necesario para o correcto funcionamento do salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo, e existir a conformidade do responsable da execución do mesmo, non procede a exixencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2019, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.



En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2017 (no caso da factura Nº 0840513) e no exercicio orzamentario 2018 (no caso da factura Nº 0844205), e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010054	10/06/2019	95,69 €	Mantemento salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo 1º trimestre 2019
Thyssenkrupp elevadores S.L.U	2180010239	21/11/2019	95,69 €	Mantemento salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo 2º trimestre 2019
TOTAL			191,38 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Thyssenkrupp elevadores S.L.U, por un importe total de 191,38 €:

Nº 2180010054 de data 10/06/2020, correspondente ó servizo de mantemento do salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo, correspondente o primeiro trimestre do ano 2019, dun importe total de 95,69 €.

Nº 2180010239 de data 21/11/2019, correspondente ó servizo de mantemento do salvaescaleiras instalado no edificio Santo Anxo, correspondente o segundo trimestre do ano 2019, dun importe total de 95,69 €.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á subministración de gas propano a granel para o depósito fixo dos centros de atención ás persoas maiores de Mosteiro- Pol (Lugo) e de Mosteiro- Trabada (Lugo).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 20/08/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Repsol Butano, S.A.	0095953673	06/04/2020	07/04/2020	2020/1175	Subministración o día 03/04/2020, de 1.350 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Pol – Lugo). 2020/FAC_01/000226	1.208,14 €
Repsol Butano, S.A.	0095953674	06/04/2020	07/04/2020	2020/1176	Subministración o día 03/04/2020, de 2.040 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Trabada – Lugo). 2020/FAC_01/000227	1.825,62 €
TOTAL						3.033,76 €

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas.

Dilixencia da Sección de Benestar Social e Igualdade para cada unha das facturas (de data 14/04/2020 para a factura Nº 0095953673, e de data 21/05/2020 para a factura Nº 0095953674), de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e conformada polo Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social.

Declaración responsable asinada en data 21/05/2020, pola representante de Repsol Butano, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas (de data 22/05/2020 no caso da factura Nº 0095953673, e de data 21/05/2020 no caso da factura Nº 0095953674), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificado a necesidade de realización das prestacións, emitidas pola Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade.



Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 16/06/2020, para cada unha das facturas relacionadas, nos que se dí que intervención informa que existe consignación suficiente e axeitada para atender os gastos, na aplicación orzamentaria 20/2315.22102 (ADO: 92020/3489 para a factura N° 0095953673, e ADO: 92020/3490 para a factura N° 0095953674).

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 18/06/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 17/08/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 12/08/2020, reflíctense os seguintes antecedentes: “(...)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas que seguidamente se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Repsol Butano, S.A. GTM 2020/FAC_01/000226	0095953673	06/04/2020	1.208,14	Subministración o día 03/04/2020 de 1.350 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Pol – Lugo)	2315.221002	92020/3489
Repsol Butano, S.A. GTM 2020/FAC_01/000227	0095953674	06/04/2020	1.825,62	Subministración o día 03/04/20 de 2.040 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Trabada – Lugo).	2315.22102	92020/3490
SUMA			3.033,76			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Servizo de Benestar Social, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 3.033,76 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c)



do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 20 de xuño do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Repsol Butano, S.A. GTM 2020/FAC_01/000226	0095953673	06/04/2020	1.208,14 €	2315.221002
Repsol Butano, S.A. GTM 2020/FAC_01/000227	0095953674	06/04/2020	1.825,62	2315.22102
TOTAL: 3.033,76 €				

Procede informar:

Que tendo en conta o informe emitido polo servizo de intervención do 20 de xuño de 2020.

Que os servizos prestados foron estritamente necesarios xa que:

No Centro de Atención ás persoas Maiores de Pol e de Trabada é estritamente necesario dispoñer de gas propano a granel para dispoñer de calefacción, auga quente sanitaria e alimentación dalgunhas das máquinas de cociña e lavandería.

O 31 de marzo de 2020 comunícase dende o CAM de Pol e de Trabada que o gas do depósito está a piques de esgotarse, sendo por tanto urxente e estritamente necesario solicitar un subministro de gas co obxecto de asegurar o continuo funcionamento das instalacións do CAM de Pol.

Así mesmo, salientar que a Deputación Provincial de Lugo efectuou como medida temporal e transitoria, ata a saída dos correspondentes pregos, un Contrato menor (CMP/2019/000261) para o subministro de gas propano a granel nos CAM'S de Pol e Trabada na que a cantidade de gas propano e a estimación da imputación do gasto por Centro foi a seguinte:

No CAM de Trabada:

Kg de gas propano: 8.000 kg.

Importe: 7.283,20 € + 1.529,47 € IVE = 8.812,67 €

No CAM de Pol:

Kg de gas propano: 8.000 kg.

Importe: 7.283,20 € + 1.529,47 € IVE = 8.812,67 €



En virtude ao citado CMP/2019/000261 nos CAM'S de Pol e Trabada fóronse realizando varios enchidos, segundo as súas necesidades, ata esgotar os 8.000,00 kg adxudicados para cada un dos Centros. Unha vez realizados os subministros, e tendo en conta que o prezo unitario do propano a granel flutúa mes a mes, reflíctese a continuación o importe real dos subministros:

No CAM de Trabada:

Kg de gas propano realmente subministrados: 8.000 kg.

Importe empregado no total do subministro: 6.943,83 € + 1.458,21 € IVE = 8.402,04 €

No CAM de Pol:

Kg de gas propano realmente subministrados: 8.000 kg.

Importe empregado no total do subministro: 7.176,89 € + 1.507,15 € IVE = 8.684,04 €

Total importe remanente do CMP/2019/000261=445,68 € (539,26 € IVE engadido)

Asemade, informar que esgotados os kg adxudicados para os depósitos de Pol e Trabada mediante o contrato menor anteriormente citado e, tendo en conta que o expediente de contratación de licitación para adxudicar o subministro de gas propano comercial e o mantemento dos depósitos dos CAM'S de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro iniciouse o 14/01/2020 e atópanse actualmente paralizados dada a situación declarada polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo Covid19 (BOE núm. 67 do 14.03.2020), o cal paraliza os prazos administrativos, pero non se paralizan as necesidades dos Centros, polo que resulta un gasto estritamente necesario de realizar, aínda non tendo o procedemento de contratación realizado. Notar que intentouse tramitar un contrato menor, pero non se considerou oportuno.

Que os servizos de enchido do depósito para o CAM de Pol e o CAM de Trabada realizouse o 03 de abril do 2020, do que se achega albarán de entrega do subministro.

Que a cantidade a aboar por estes servizos á empresa ascende a 3.033,76 € (C/ IVE).

Que non procede a esixencia de garantía pola propia natureza das prestacións facturadas.

Que este gasto foi estritamente necesario, xa que deixar de prestar tal subministro de gas propano a granel afectaría para dispoñer de calefacción, auga quente sanitaria e alimentación dalgunhas das máquinas de cociña e lavandaría, sendo un servizo totalmente necesario no CAM de Pol e no CAM de Trabada.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación, actualmente ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.



En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Repsol Butano, S.A.	0095953673	06/04/2020	Subministración o día 03/04/2020, de 1.350 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Pol – Lugo).	1.208,14 €
Repsol Butano, S.A.	0095953674	06/04/2020	Subministración o día 03/04/2020, de 2.040 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Trabada – Lugo).	1.825,62 €
TOTAL				3.033,76 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Repsol Butano, S.A., por un importe total de 3.033,76 €:

Nº 0095953673 de data 06/04/2020, correspondente á subministración o día 03/04/2020, de 1.350 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Pol – Lugo), dun importe total de 1.208,14 €.

Nº 0095953674 de data 06/04/2020, correspondente á subministración o día 03/04/2020, de 2.040 kgs. de gas propano a granel, para o depósito fixo do centro de atención ás persoas maiores de Mosteiro (Trabada – Lugo), dun importe total de 1.825,62 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á subministración de penso nos meses de abril e maio do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 20/08/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO			
Aira, S. Coop. Galega	20-421268	30/04/2020	05/05/2020	2020/1460	Subministración de penso no mes de abril do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/000681	8.958,74 € (8.144,31 € + 814,43 € en concepto de I.V.E.)	3.756,54 € (3.415,04 € + 341,50 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-526239	31/05/2020	05/06/2020	2020/1843	Subministración de penso no mes de maio do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/001131	14.965,32 € (13.604,84 € + 1.360,48 € en concepto de I.V.E.)	12.356,14 € (11.232,86 € + 1.123,29 € en concepto de I.V.E.)
TOTAL						23.924,06 €	16.112,68 €

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas.

Dilixencia da Granxa Gayoso Castro, para cada unha das facturas (de data 05/06/2020 para a factura Nº 20-4 21268, e de data 06/06/2020 para a factura 20-5 26239), de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, constando nas mesmas, a conformidade do Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 03/04/2020, polo representante de Aira, S. Coop. Galega, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas (de data 04/06/2020 no caso da factura Nº 20-4 21268, e de data 06/06/2020 no caso da factura Nº 20-5 26239), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas polo Director da Granxa Gayoso Castro.



Informe do Servizo de Contabilidade e Contas para cada unha das facturas (de data 08/06/2020 para a factura Nº 20-4 21268, e de data 09/06/2020 para a factura Nº 20-5 26239, nos que se dí que intervención informa que existe consignación suficiente e axeitada para atender os gastos, na aplicación orzamentaria 4120.22113 (ADO: 92020/3249 para a factura Nº 20-4 21268, e ADO: 92020/3278 para a factura Nº 20-5 26239).

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 12/06/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación, e a conformidade do Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Informe de fiscalización de intervención de data 17/06/2020, para cada unha das facturas, co resultado de conformidade, polos importes totais imputados ao contrato de subministración de penso composto para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro (5.202,20 € no caso da factura Nº 20-4 21268, e 2.609,18 € no caso da factura Nº 20-5 26239).

Resolución da Presidencia de data 17/08/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 13/08/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas que seguidamente se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO	CONCEPTO	APLICACIÓN	O
Aira, S. Coop. Galega GTM 2020/FAC_01/000681	20-4 21268	30/04/20	8.958,74 (8.144,31 + 814,43 € IVE deducible)	3.756,54 € (3.415,04 € + 341,50 € IVE deducible)	Subministración de penso no mes de abril do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/3486
Aira, S. Coop. Galega GTM 2020/FAC_01/001131	20-5 26239	31/05/20	14.965,32 (13.604,84 + 1.360,48 € IVE deducible).	12.356,14 € (11.232,86 € + 1.123,28 € IVE deducible)	Subministración de penso no mes de maio do 2020, para alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/3488
SUMA			23.924,06	16.112,68			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 16.112,68 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe



pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal

ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 17 de xuño do 2020, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO	CONCEPTO	APLICACIÓN	O
Aira, S. Coop. Galega GTM 2020/FAC_01/000681	20-4 21268	30/04/20	8.958,74 (8.144,31 + 814,43 € IVE deducible)	3.756,54 € (3.415,04 € + 341,50 € IVE deducible)	Subministración no mes de abril de 2020, de penso para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/3486
Aira, S. Coop. Galega GTM 2020/FAC_01/001131	20-5 26239	31/05/20	14.965,32 (13.604,84 + 1.360,48 € IVE deducible).	12.356,14 € (11.232,86 € + 1.123,28 € IVE deducible)	Subministración no mes de maio de 2020, de penso para alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	4120.22113	92020/3488
SUMA			23.924,06	16.112,68			

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 17 de xuño de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

O subministro de penso era absolutamente imprescindible para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso.



O período de realización do aludido subministro foi no mes de abril de 2020 (fac 20-4 21268) e no mes de maio 2020 (fact 20-5 26239).

A cantidade a aboar á empresa ascende a 23.924,06 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás unidades estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Cómpre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.



Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA	IMPORTE SEN CONTRATO
Aira, S. Coop. Galega	20-4 21268	30/04/2020	Subministración de penso no mes de abril do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	8.958,74 € (8.144,31 € + 814,43 € en concepto de I.V.E.)	3.756,54 € (3.415,04 € + 341,50 € en concepto de I.V.E.)
Aira, S. Coop. Galega	20-5 26239	31/05/2020	Subministración de penso no mes de maio do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro.	14.965,32 € (13.604,84 € + 1.360,48 € en concepto de I.V.E.)	12.356,14 € (11.232,86 € + 1.123,29 € en concepto de I.V.E.)
TOTAL				23.924,06 €	16.112,68 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Aira, S. Coop. Galega, por un importe total de 23.924,06 € (dos cales 16.112,68 € son sen contrato):

Nº 20-4 21268 de data 30/04/2020, correspondente á subministración de penso no mes de abril do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 8.958,74 € (dos cales 3.756,54 € son sen contrato).

Nº 20-5 26239 de data 31/05/2020, correspondente á subministración de penso no mes de maio do 2020, para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 14.965,32 € (dos cales 12.356,14 € son sen contrato).

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- CORRECCIÓN DE ERROS DAS FACTURAS EMITIDAS POR SERVIPLUSTOTAL, S.L. APROBADAS NA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE AGOSTO DE 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 26/08/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que se recolle o seguinte:

“(…)



Por acordo da Xunta de Goberno, reunida en sesión ordinaria en data 14/08/2020, acordouse aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Serviplus total, S.L.:

Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
		DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
19/726	08/11/2019	08/11/2019	2019/4123	Servizos das rutas fluviais realizados no embalse de Santo Estevo, dende o día 15/04/2019 ata o día 25/04/2019.	27.830,00 €
19/733	20/11/2019	20/11/2019	2019/4335	Servizos das rutas fluviais realizados no embalse de Os Peares, dende o día 15/04/2019 ata o día 25/04/2019.	10.769,00 €
TOTAL					38.599,00 €

Nembargantes, detectouse o seguinte erro na Proposta da Presidencia, de data 12/08/2020:

Onde dí:

“(…).

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Serviplus total, S.L., por un importe total de 29.651,36 €:

Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

Debería dicir:

“(…).

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos e recoñecer as obrigas por un importe total de 38.599,00 €, e o pagamento por un importe total de

29.651,36 € (importe total das facturas unha vez descontando 8.947,64 € en concepto de seguros), das seguintes facturas emitidas por Serviplus total, S.L.:

Nº 19/726, de data 08/11/2019, correspondente ós servizos de rutas fluviais realizados no embalse de Santo Estevo, dende o 15/04/2019 ata o 25/04/2019, por un importe total de 27.830,00 € (importe total a pagar: 20.279,88 €, unha vez descontados 7.550,12 € en concepto de seguro).

Nº 19/733, de data 20/11/2019, correspondente ós servizos de rutas fluviais realizados no embalse de Os Peares, dende o 15/04/2019 ata o 25/04/2019, por un importe total de 10.769,00 € (importe total a pagar: 9.371,48 €, unha vez descontados 1.397,52 € en concepto de seguro).

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

Conclusión

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Rectificar o erro detectado no Acordo de Xunta de Goberno do 14 de agosto de 2020, relativo a aprobación do gasto do servizo de rutas fluviais realizados por Serviplus total S.L. De tal xeito que:

Onde di:

“(…).

Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Serviplus total, S.L., por un importe total de 29.651,36 €:

Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

Debería dicir:



“(…).

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos e recoñecer as obrigas por un importe total de 38.599,00 €, e o pagamento por un importe total de 29.651,36 € (importe total das facturas unha vez descontando 8.947,64 € en concepto de seguros), das seguintes facturas emitidas por Serviplus total, S.L.:

Nº 19/726, de data 08/11/2019, correspondente ós servizos de rutas fluviais realizados no embalse de Santo Estevo, dende o 15/04/2019 ata o 25/04/2019, por un importe total de 27.830,00 € (importe total a pagar: 20.279,88 €, unha vez descontados 7.550,12 € en concepto de seguro).

Nº 19/733, de data 20/11/2019, correspondente ós servizos de rutas fluviais realizados no embalse de Os Peares, dende o 15/04/2019 ata o 25/04/2019, por un importe total de 10.769,00 € (importe total a pagar: 9.371,48 €, unha vez descontados 1.397,52 € en concepto de seguro).

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO FINANCIAMENTO E DOS NOMEAMENTOS DOS REPRESENTANTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PREMIO OTERO PEDRAYO, ANO 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

“A vista da notificación DP/00000004/0002/000019101 efectuada pola Deputación Provincial de Ourense informándonos da aprobación e da publicación das bases do premio “Otero Pedrayo 2020”, co obxecto de que por parte da Deputación de Lugo se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como a necesidade de comunicar o nome das persoas que representarán a Deputación de Lugo no xurado do Premio nesta anualidade.

A vista das bases que rexerán a convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2020” aprobadas na Xunta de Goberno da Deputación de Ourense de data 22 de xuño de 2020 e, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, nº 150, de data 2 de xullo de 2020.

Visto que de acordo coa cláusula 1.3, das citadas bases, a achega que lle corresponde a Excma. Deputación Provincial de Lugo como cotitular do premio é de 2.000 €.

Visto que de acordo coa cláusula 4.2, das citadas bases, a publicación da convocatoria do premio “Otero Pedrayo 2020”, realizarase, entre outros, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Cultura.

Visto a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

Visto o informe da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento.

Visto o informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención, no que amosa a súa conformidade.

A Deputada de Cultura que subscribe, propón a V.I., a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o gasto por importe de dous mil euros (2.000€), para o premio “Otero Pedrayo 2020”.



2º.- Aprobar e publicar as bases reguladoras da convocatoria do Premio “Otero Pedrayo 2020”, remitidas pola Excma. Deputación Provincial de Ourense, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, segundo se establece no punto 4.2 das bases do Premio Otero Pedrayo, 2020.

3º.- Delegar en dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Vicepresidenta da Deputación de Lugo, a representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo como membro do xurado do premio “Otero Pedrayo 2020”.

4º.- Designar a don Xosé Miranda Ruíz como vogal do xurado do Premio Otero Pedrayo, 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

“Vistos os informes da Secretaría Xeral e do servizo de Contratación e Fomento onde se informa favorablemente das bases deste procedemento.

Visto o informe favorable de Intervención.

Polo anteriormente exposto, a Deputada Delegada de Cultura propón que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial- se procede- se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2020.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de 130.000,00 € (cento trinta mil euros).

3º.- Aprobar os modelos de solicitude e de conta xustificativa.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes, o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 046, do sábado 23 de febreiro de 2019, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

2º.- Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin a vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da lei



29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso- administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, se prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Categoría	Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Actividade competitiva federada 2019	Club Colombófilo Terracha	Colombofilia	1326
Actividade competitiva federada 2019	Escola Lucense de Taekwondo	Taekwondo	766
Actividade competitiva federada 2019	Agrupación Deportiva Veteranos Sancobade	Fútbol	603
Actividade competitiva federada 2019	Pádel Club Monterroso	Pádel	587
Actividade competitiva federada 2019	Agrupación Deportiva A Gándara	Atletismo	601
Actividade competitiva federada 2019	Club Deportivo Balompie Lugo Unión	Fútbol	904
Organización de eventos 2019	Club Deportivo Rugby Ribadeo	Torneo de Rugby As Catedrais	741
Organización de eventos 2019	Asoc. Cultural e Deportiva Os Fornos	Torneo Fútbol Sala Senior	566
Organización de eventos 2019	Club Quiroga Fútbol Sala	Torneo Val de Quiroga de Fútbol Sala Femenino	1002
Organización de eventos 2019	Quiroga Fútbol Club	Torneo Nadal de Fútbol	1111
Organización de eventos 2019	Muralla Rugby Club	Xornada de promoción do Rugby en Vilalba	784

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.